

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 25 DE FEBREIRO DO 2013.

=====

No Concello de Cangas, cando son as vinte horas do día vinte e cinco de febreiro do dous mil trece, previa convocatoria, reúnense os/as seguintes concelleiros/as: D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto e D^a M^a Lucía Ledo Fernández, SUPLENTE: D. Jesús Manuel Graña Graña, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria en funcións, D^a María Rodríguez Gómez e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Non asiste á sesión a concelleira, D^a Berta Pérez Hernández.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS EN DATAS 11 E 18 DE FEBREIRO DO 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas en datas 11 e 18 de febreiro do 2013.

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

2º.- SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda deixar este punto da orde do día sobre a mesa, pendente de mellor estudo.

URBANISMO E VIVENDA

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 21 DE FEBREIRO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

3.A) APROBA-LOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorga-las seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, ás condicións particulares e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de se-lo caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o técnico aparelador municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se amparan, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedi-lo tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará tódalas medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do RDL 1/92 do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmóbeis e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufraga-los gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comeza-la construción a que fai referencia esta licenza, o promotor das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evita-la perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE N ° 24.290.- A Marcos Figueroa Patiño, con enderezo en rúa Cangas, nº 1-5ºB-Vigo, para nas Barreiras de Liméns, nº 94-O Hío, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, demoler unha vivenda actual de 47,95 m2., construír unha vivenda de 101,25 m2., de semisoto, outros tantos de planta baixa, 78,65 m2., de primeiro andar e ampliar unha edificación adxectiva en 80,20 m2., de conformidade co proxecto de xuño do 2012 e a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 15 de febreiro do 2013.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das fronteiras de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de NOVECIENTOS CORENTA E SEIS CON OITENTA E OITO (946,88) euros.

EXPEDIENTE N° 24.456.- A Rubén Suárez Molanes, con enderezo no Igrexario, nº 121-O Hío, para en Fenteiras-O Hío, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, reformar a vivenda existente en 21,63 m2., e ampliála en 19,20 m2., de conformidade co proxecto básico de decembro do 2012, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 12 de febreiro do 2013.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das fronteiras de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de TRESCIENTOS (300,00) euros.

EXPEDIENTE N° 24.396 E N° 1.619.- A Esperanza Gago Nogueira, con enderezo en Donón, nº 58-O Hío, para en Donón-O Hío, construír unha edificación aillada para restaurante e dous apartamentos turísticos de 108,50 m2., de soto, 103,33 m2., de planta baixa, 70,89 m2., de primeiro andar e 34,50 m2., de terrazas, de conformidade co proxecto básico de outubro e

novembro do 2012, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das fronteiras de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de SEISCENTOS SEIS CON TRINTA E NOVE (606,39) euros.

Non se poderá comezar a actividade mentres non se efectúe polo técnico municipal e xefe local de Sanidade a correspondente comprobación.

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo, polo que, en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablecer a seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o concello carga de indemnización ningunha.

3.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 21.325.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR OSCAR FREIRE PIÑEIRO.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo arquitecto municipal, con data 31 de xaneiro do 2013, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Oscar Freire Piñeiro, con enderezo en Rúa Paz, nº 10-portal 2º-1ºF-Cangas, para vivenda sita na Serra de Nacente-Darbo, construída ó abeiro da licenza municipal Nº 21.325.

b) Así mesmo, se aproba a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

EXPEDIENTE Nº 22.120.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR MAURO PRIETO GIL E AGUSTINA RODRÍGUEZ MARCOS.

Incidencias: na votación deste expediente de obras, abstense o concelleiro, Sr. Soliño Costas.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo arquitecto municipal, con data 20 de xullo do 2011, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Mauro Prieto Gil e Agustina Rodríguez Marcos, con enderezo en Miranda, nº 11-Coiro, para vivenda, sita en Miranda, nº 11-Coiro, construída ó abeiro da licenza municipal nº 21.318.

3.A.3) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.469.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove Violeta Nuñez Agüero, con enderezo en Rúa Enseñanza, nº 54-3º esq.-Cangas, e que consiste nunha agrupación de dous predios de 650,00 m2., e 600,00 m2., e a súa posterior parcelación en dúas parcelas netas, nº 1 de 295,55 m2., e nº 2 de 901,02 m2., e dúas parcelas de cesión ó vieiro nº 3 de 29,45 m2., e nº 4 de 23,95 m2., sitas en Cima de Vila-Darbo.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de parcelación no predio indicado, de conformidade co proxecto presentado, de xaneiro do 2013.

Segundo.- Como consecuencia das aliñacións a que debe axustarse a parcelación, teñen que incorporarse á vía pública as parcelas nº 3 e nº 4.

Terceiro.- Declarar a indivisibilidade das parcelas netas de resultado.

3.A.4) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 23.658.- O tramitado a instancia de Esther Broullón Chapela, con enderezo en Barrio das Flores, nº 4-Darbo, para acondicionamento de local para tenda de roupa en Rúa San Xosé, nº 10-A-Cangas, acórdase declaralo caducado, de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ó transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación de data 8 de outubro do 2011.

EXPEDIENTE Nº 23.787.- O tramitado a instancia de José Antonio Martínez Pastoriza, con enderezo na Avda. de Marín, nº 120-Moaña, para cerramento de parcela en Vilariño-O Hío, acórdase declaralo caducado, de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ó transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación de data 10 de xuño do 2011.

EXPEDIENTE Nº 24.037.- O tramitado a instancia de Saúl Rodríguez Santos, con enderezo en Xielas, nº 8-Coiro, para cerramento en Xielas-Coiro, acórdase

declaralo caducado, de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ó transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación de data 7 de marzo do 2012.

EXPEDIENTE Nº 24.214.- O tramitado a instancia de Roberto Pena Queimaño, con enderezo en Longán-Edificio Freixo, nº 19-Portal 1-4ºA-Coiro, para cerramento en Miranda-Coiro, acórdase declaralo caducado, de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ó transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación de data 9 de xullo do 2012.

3.A.5) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 24.402.- A Benigno Rodríguez González, con enderezo en Viñó, nº 31-A-O Hío, para no referido lugar, construír un alpendre de 20,00 m²., e un cerramento de 25,08 metros, de conformidade coa documentación presentada, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

EXPEDIENTE Nº 22.828.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.224.- A María Aranzazu Vega Merayo, con enderezo en Rúa Reboredo, nº 8-3ºA-Coiro, outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co estipulado no art. 197.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.468.- A Adriano López Parcerro, con enderezo na Avda. de Bueu, nº 12-Ático-Cangas, para na Avda. Montero Ríos, nº 9-Cangas, efectuar reformas interiores no local, de conformidade coa documentación presentada.

Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, baicóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que harmonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para alonxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que, non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios."

EXPEDIENTE N ° 24.485.- A Francisco Rial Lemos, con enderezo en Camiño de Ameles, nº 3-O Hío, para no referido lugar, construír un cerramento de 92,07 m2., de conformidade coa documentación presentada, a que a liña de edificación diste, como mínimo, a 4,00 metros do eixo do camiño, a que se levante desde a rasante do camiño e a que enrrase co camiño a superficie de terreo que quede fóra da aliñación dos 4,00 metros.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro, efectuada con data 18 de febreiro do 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.486.- A Javier Novas Coya, con enderezo en Rúa Gondomar, nº 9-4º dereita-Cangas, para en Camiño de Castiñeiras, nº 34-O Igrexario-O Hío, substituír o material de cubrición da vivenda en 45,90 m2., substituír a carpintería exterior en 8,75 m2., e pintado de fachadas en 109,56

m2., de conformidade co proxecto de xaneiro do 2013. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, trátase de unha licenza que se concede a unha edificación á que se lle aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

EXPEDIENTE Nº 24.489.- A Julio Rodríguez Soliño, con enderezo en Rúa Manuel Graña, nº 6-Cangas, para no referido lugar, cambiar a tella da cuberta nunha superficie de 47,60 m2., de conformidade co proxecto de xaneiro do 2013. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, trátase dunha licenza que se concede a unha edificación á que se lle aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, baicóns ou portas de aire, pintadas en blanco ou cores que harmonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para alonxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que, non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios."

EXPEDIENTE Nº 24.491.- A María e Josefa Núñez Fernández, con enderezo en Rúa Saralegui, nº 24-Cangas, para no referido lugar, cambiar a tella da cuberta en 75,28 m2., e executar reparacións interiores en paredes, forxado e cornisa, de conformidade co proxecto de xaneiro do 2013. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, trátase dunha licenza que se concede a unha edificación á que se lle aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das

limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, baicóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que harmonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para alonxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que, non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios."

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

4º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/BAIXAS NO SERVIZO MUNICIPAL DE ALOXAMENTO TEMPORAL DE EMERXENCIAS.

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, de data 20.2.13, relativa ó Servizo Municipal de Aloxamento Temporal por situacións de Emerxencia Social (SAT), que di:

"Achégase proposta correspondente para proceder a dar de baixa a Eduardo S.G., con expediente nº 76708941 P."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

5º.- ESCRITO DE Mª TERESA POUSADA SANTOS S/TRANSMISIÓN DE POSTO DE VENDA DE PEIXE NA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL.

ANTECEDENTES:

I.- Por escrito dirixido a esta Alcaldía de data de rexistro de entrada 13 de abril do 2012, Mª Teresa Pousada Santos solicita que por estar próxima a

xubilación da súa nai, Carmen Peregrina Santos Parceró, titular do posto nº 20 da Praza de Abastos se lle outorgue autorización municipal correspondente para continuar rexentando o posto de venda de peixe do que é titular a súa nai que asina a solicitude xunto coa solicitante.

II.- Por escrito con rexistro de entrada de data 29 de outubro do 2012, M^a Teresa Pousada Santos achega xustificación do parentesco alegado no primeiro escrito (copia do libro de familia e DNI), así como copia da resolución de recoñecemento da pensión de xubilación da súa nai Carmen Peregrina Santos Parceró.

III.- Por escrito con rexistro de entrada de data 13 de febreiro do 2013, M^a Teresa Pousada Santos, comunica ó Concello de Cangas no prazo de dous meses que a transmisión se realizou, e polo tanto, a Sra. Pousada Santos está a ocupar o posto nº 20 de venda de peixe na Praza de Abastos Municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Autorizar, con carácter definitivo, a transmisión da condición de concesionaria do posto nº 20 de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, do que é titular Carmen Peregrina Santos Parceró a favor de M^a Teresa Pousada Santos.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada, ós conserxes da Praza de Abastos e Tesourería Municipal.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

6º.- ESCRITO DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "FINCA DO AREAL-RODEIRA" S/REQUIRIMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A INSTALACIÓN DE BADÉNS EN RÚA CONCEPCIÓN ARENAL.

Visto o escrito presentado en data 15.2.13 (R.E. nº 1932) pola ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "FINCA DO AREAL-RODEIRA", con enderezo na Avda. de Ourense, nº 61-21-Coiro, no que reclaman a instalación de badéns en rúa Concepción Arenal.

Visto o acordo adoptado por esta mesma Xunta de Goberno Local de data 21.1.13, no que se require á referida asociación para a presentación de escrito no que figure a conformidade de tódolos veciños/as afectados/as.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Requirir, por segunda e última vez, á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "FINCA DO AREAL-RODEIRA", para que presenten un escrito no que figure a conformidade de tódolos veciños/as afectados/as, condición indispensable para proceder á instalación de badéns ou pasos de cebra elevados en rúa Concepción Arenal.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á asociación mencionada e ós departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

7º.- ESCRITO DE DIONISIO GONZÁLEZ OTERO EN REPRESENTACIÓN DA ORGANIZACIÓN IMPULSORA DE DISCAPACITADOS (OID) S/AMPLIACIÓN DE PRAZO PARA RETIRADA DE CASETA EN VÍA PÚBLICA.

Examinado o escrito presentado en data 19.2.13 por Dionisio González Otero, representante da Organización Impulsora de Discapacitados (OID), con enderezo en Gran Vía, nº 57-7ºB-Madrid, no que demandan a concesión do prazo de 15 días para retirar, por parte da referida asociación, a caseta que está instalada nos Xardíns do Señal.

Visto, así mesmo, o acordo adoptado por esta mesma Xunta de Goberno Local, na que se comunica ó Sr. González Otero da retirada da caseta da OID por parte do Concello de Cangas, con cargo á referida asociación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Conceder, ó Sr. González Otero, representante da Organización Impulsora de Discapacitados, un prazo de quince días, contados a partir da notificación do presente acordo, para que dentro deste prazo proceda á retirada da caseta da OID que está instalada nos Xardíns do Señal.

SEGUNDO.- Que por parte da Oficina de Xestión de Ingresos, se comprobe a efectividade do punto primeiro do presente acordo, xa que en caso contrario realizarase unha valoración por parte da Oficina Técnica Municipal do importe dos gastos ocasionados pola retirada da caseta de referencia, para que sexan cargados a costa do representante da Organización Impulsora de Discapacitados, Sr. Dionisio González Otero.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ó representante da Organización Impulsora de Discapacitados, así como, ós departamentos de Xestión de Ingresos, Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

8.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS.

8.A) DAR CONTA DE SENTENZA Nº 6/2013 DE DATA 07/01/2013 DICTADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 218/2012.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada dos seguintes datos: __

- Reclamante: ADRIÁN MALVIDO MENDUÍÑA.

- Asunto: desestimación presunta das reclamacións, recursos e recusación de membros do tribunal no proceso de selección para a provisión de prazas de policía locais- BOP Nº 136 de 17/07/2009.

- Resumo do fallo: desestima as pretensións do recorrente acollendo unicamente o seu pedimento subsidiario de que se reanude a tramitación do proceso selectivo ata darlle resolución final expresa, reanudando esa tramitación no punto que a deixou a resolución da Alcaldía de data 09/12/2010, que ordenaba ó concelleiro de Persoal que elevara unha proposta para o nomeamento dun novo tribunal cualificador, dando a tramitación oportuna que garanta a confidencialidade e outorgando un prazo máximo de seis meses para dita tramitación.

- O xulgado comunica a firmeza da sentenza o 20/02/2013.

8.B) DAR CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SENTENZA Nº 51/2013 DE DATA 14/02/2013 DICTADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 192/2012.

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 21.2.13, referente a sentenza nº 51/2013 de data 14.2.13, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, no procedemento abreviado nº 192/2012, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA 51/2013 DE DATA 14/02/2013 DICTADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 192/2012 (X-I2/31).

Visto que o fallo da Sentenza nº 51/2013 recaída no procedemento abreviado nº 192/2012 tramitado no Xulgado contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra a instancia da mercantil 'MOLOK DISTRIBUTION NV', dispón:

'Estimo o recurso contencioso-administrativo seguido perante este xulgado como PROCESO ABREVIADO nº 192/2012 a instancia da entidade mercantil 'MOLOK DISTRIBUTION N.V.', fronte ó Concello de Cangas contra a desestimación presunta da súa reclamación de pago por importe dun principal

de DEZAOITO MIL OITOCENTOS DEZANOVE CON OITENTA E CATRO (18.819,84) EUROS.

Declaro dita resolución non conforme a dereito e a anulo.

Condeno ó Concello de Cangas a aboarlle á recorrente a cantidade de DEZAOITO MIL OITOCENTOS DEZANOVE CON OITENTA E CATRO (18.819,84) EUROS, mailos intereses legais correspondentes e ó pago dos custos procesais causados por este procedemento.

Esta sentenza é firme pois contra ela non cabe interpoñer recurso ordinario ningún.'

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento da sentenza nº 51/2013 recaída no procedemento abreviado nº 192/2012 tramitado no xulgado contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra a instancia da mercantil 'MOLOK DISTRIBUTION NV'.

Segundo.- Proceder en cumprimento do fallo da sentenza anterior a recoñecer a favor de 'MOLOK DISTRIBUTION NV' (CIF NO 1071613C), a cantidade de DEZAOITO MIL OITOCENTOS DEZANOVE CON OITENTA E CATRO (18.819,84) EUROS, en concepto de principal derivado da sentenza deixando pendentes de recoñecemento os xuros, en función da determinación da data de pago do principal, así como, os custos, en función da notificación do acordo sobre a fixación destas.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ós departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a sentenza nº 51/2013 de data 14.2.13, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, no procedemento abreviado nº 192/2012.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as vinte horas e cincuenta e cinco minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.